

X
10
burgojazz

O jazz está de moda pola aparición de novos grupos e novos creadores ao que non é alleo este Concello que creou, hai dez anos, o "burgojazz" que dun xeito modesto ten contribuído a crear novos públicos de Jazz no noso Concello e Comarca, animando o movemento jazzístico, como tamén o fai o recentemente rematado "III Mostra Jazz Mariñas", que organizamos os concellos do Consorcio das Mariñas, e que é unha nova aposta na que participamos apoiando ao movemento en auxe do Jazz Galego.

Paralelamente á andaina do "burgojazz", nestes dez anos fóronse descubriendo novos camiños e públicos que ten como resultado a aparición dun novo Jazz Galego que incorpora novos rexistros, tendencias e un importante grupo de novos creadores que permite que poidamos presentar festivais como o "burgojazz" con carteis anovados con máis grupos.

No "X burgojazz" presentamos algunhas das mellores formacións de Jazz Galego, coñecidos xa no panorama internacional, como a presenza de novo de "Abe Rábade" presentando o seu último disco "Zigurat", ou a pequena orquestra de jazz de Roberto Somoza "The Vanguard" pechando un cartel de seis días de Festival onde incluímos á vocalista "Angeles Dorrio" co seu cuarteto, os exitosos "3Azoteas" ou o blues singular de "Carlos Childe Troupe".

Non queríamos deixar de facer este ano novas aportacións, de aí a presenza dos novos "Arts&sounds music club" e a gozosa presenza dos alumnos do Conservatorio de Música de Culleredo, achegándose ao Jazz.

Un programa de moita calidade que vai dirixido a un público fiel e entendido, creado nestes anos e que animará de seguro a públicos moi diversos neste incomparable marco do Xardín Botánico "Ría do Burgo".

xullo
2010



Venres 9
ABE RÁBADE
"Zigurat"
Servizos
Múltiples
ás 20:30 h.




Luns 12
SAXOFÓNS DO
CONSERVATORIO
DE CULLEREDO E
ART&SOUNDS
MUSIC CLUB



Martes 13
3 AZOTEAS



Mércores 14
ÁNGELES
DORRIO
CUARTETO




Xoves 15
CARLOS
CHILDE
TROUPE



Venres 16
ROBERTO
SOMOZA
OCTETO
Servizos
Múltiples
ás 20:30 h.

AULADA NATUREZA "JUAN LEMBEYE" XARDÍN BOTÁNICO
"RÍA DO BURGO" DO 9 AO 16 DE XULLO AS 20:30 HORAS.

X
10
burgojazz



Celestino Poza Domínguez
Concelleiro de Cultura de Culleredo



Abe Rábade (Zigurat)

Por segunda ocasión prácenos presentar a este recoñecido internacionalmente músico galego no burgojazz.

Zigurat é o novo proxecto do pianista compostelán Abe Rábade. Nun formato a trío co contrabaixista de Gasteiz Pablo Martín e o baterista de Lisboa Bruno Pedroso, o álbum grávase en Gaia (Portugal) a finais de decembro de 2009.

O traballo editase en marzo de 2010 pola discográfica madrileña con distribución internacional Karonte ao tempo que se licenciará na compañía xaponesa King Records.

Zigurat recolle 6 orixinais de Abe Rábade (Prana, Sinestesia, Xiket, Tránsito nº2, 7 contra 5 e Zigurat) así como a composición de Federico Mompou Chanson nº6.

O trío Abe Rábade é unha formación estable desde o ano da súa aparición en Boston (EEUU) no ano 1996, aínda que actúa con outras formacións.

Sexteto de saxofóns do Conservatorio de Culleredo.

O Sexteto de Saxofóns está composto polos alumnos do Conservatorio de Música de Culleredo, e interpretarán obras do repertorio clásico con reminiscencias do jazz de autores como Piazzola ou Iturralde

Art&sounds music club.

ART&SOUNDS MUSIC CLUB é un grupo aberto de música orixinal experimental, swing, fusión, étnica electrónica composto por Miguel Melero, Alfonso Lamas e Nito Martínez como núcleo permanente e aberto a colaboracións de outros músicos. O repertorio baséase en composicións e arranxos orixinais de Miguel Melero e Alfonso Lamas.

3azoteas

Integrado por Pablo Pérez (baixo eléctrico), Iago Mouriño (piano e teclados) e Miguel Queixas (batería), 3azoteas ten como única pretensión darlle cabida ás inquietudes musicais dos seus integrantes, tomando o jazz como punto de partida, pero desde unha perspectiva aberta, sen prexuízos nin imposicións estilísticas ou compositivas. O seu jazz bebe, no referente á súa estrutura, harmonía e intención de rock e o jazz progresivos aínda que sen mostrar unha liña completamente homoxénea.

O trío participou en importantes festivais: Imaxinasons 2008, XXXVI Certame audiovisual Casino Liceo de Vilagarcía, Ibero jazz 2009, Arteria Noroeste Jazz Festival, Pontevedra Campus Jazz 09 e Jazz Mariñas. Actualmente atópase en proceso de produción do seu primeiro traballo discográfico.

Ángeles Dorrió Cuarteto

O cuarteto de Ángeles Dorrió (voz) presentouse ao público durante a edición de 2009 do festival Ibero jazz. No seu camiño conxuga ás súas propias creacións -que profundan tanto no soul como no jazz- con versións persoais de temas bandeira de estilos actuais como o unjazz ou o neo-soul. Completan o grupo Sergio Delgado (piano e teclados); Octavio Vargas.

Carlos Childe Troupe

Tras presentar o seu primeiro traballo, "Cooking Melodies", estrea discográfica de CARLOS CHILDE TROUPE, chegan ao burgojazz cunha proposta de blues e swing enraizado do son de Nova Orleáns. Influenciado polo blues tradicional e o swing Carlos Childe ven de percorrer pequenas salas e pubs realizando nun principio directos acústicos en solitario e máis tarde, dende o ano 1998, coa Carlos Childe Troupe, formación pola que teñen pasado diferentes músicos da escena coruñesa.

A actual formación de Carlos Childe Troupe non ten fisuras, músicos con experiencia no directo e capacidade de comunicación que souberon dar forma ás cancións de Childe, cun directo contundente salpicado de standards do swing e o blues que lonxe da frivolidade pretende divertir.

Acompañan a Carlos Childe (voz, guitarras e harmónica) músicos de recoñecido prestixio na escena jazzística coruñesa e galega como son: Luís Tinaquero (guitarras, banjos, dobros e mandolinas). Juan Tinaquero (contrabaixo), Santi Roma (batería e táboa de lavar), Víctor Sánchez (saxos e clarinete).

Roberto Somoza Octeto - "The Vanguard"

The Vanguard é a cuarta gravación de Roberto Somoza como líder. É a terceira actuación no burgojazz con outras formacións. Fiel aos cambios na súa discografía (tanto de formación, como de estilo), nesta ocasión reúne un octeto para render o seu particular tributo ao saxo alto e aos grandes mestres deste instrumento. Unha sección de cinco ventos e trío de ritmo dan forma a un proxecto que se presentará no festival burgojazz e que será unha boa oportunidade para comprobar o traballo de Somoza como compositor e arreglista para pequena orquestra moderna de jazz. Completan a formación Hansel Luis Díez (trompeta e fliscorno), Jose Sandra (trompeta e fliscorno), Edward Machado (trombón), Jacobo de Miguel Bueres (piano), Kin García (contrabaixo), Fernando Llorca (batería) e Pedro Lamas (saxo barítono).